

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 100.- JMIC		
Documento CON111168	Expediente CON/60/2016	



### ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Subministro e implantación dunha solución de administración electrónica para o Concello de Santiago de Compostela, así como o seu mantemento.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 1.537.190,10 euros euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 5 de setembro de 2017, ás 9 Horas.

#### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Xan Duro Fernández

**Vogais:** D. Alejandro Sánchez-Brunete representante do grupo PP

D. Gonzalo Muíños representante do grupo PSOE.

D. Rubén Cela representante do grupo BNG

D. Jesús Rodríguez Castro, Xefe do servizo de Informática.

Dna. Ana Gago Fernández, Viceinterventora Municipal.

D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** Dna. Rocío Montañés Fernández, xefe do servizo de contratación e servizos comunitarios.

Tamén asiste: D. Alejandro Crespo en representación da empresa T-SYSTEMS ITC IBERIA S.A.U.

#### **OFERTAS PRESENTADAS:**

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REGISTRO	NOME DO LICITADOR
1	11/08/2017	37.395	A81608077 T-SYSTEMS ITC IBERIA S.A.U
2	11/08/2017	37.428	UTE A15456585 ALTIA CONSULTORES SA + B92520451 GT3 SOLUCIONES SL

*\*Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación a Mesa de Contratación procede á apertura pública dos sobres que conteñen os criterios de adxudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes dos licitadores admitidos .

T-SYSTEMS ITC IBERIA SAU: Presenta o índice asinado, documentación relativa ao criterios non avaliados mediante cifras ou porcentaxes nun documento de 100 folios a dobre cara e unha serie de anexos que, segundo manifesta o representante da empresa presente no acto, resulta conforme ao establecido no propio prego.

O xefe do servizo de informática sinala a este respecto que no prego de prescricións técnicas se fai unha referencia á posibilidade de aportar documentación complementaria.

A mesa verifica este extremo procedendo á lectura do artigo 14 do citado prego no que se indica que "Os licitantes poderán aportar calquera documentación adicional que consideren oportuna, organizada de tal xeito que sexa posible en todo momento a localización directa e inmediata da información relevante. Especialmente no que respecta aos criterios de adxudicación."

Intervén a sra. Viceinterventora quen sinala que é o prego de cláusulas administrativas o que debe regular os aspectos propios da presentación da documentación, e neste solo se determina a incorporación de 100 folios. Tras un pequeno debate entre os membros da mesa, tendo en conta a existencia dunha certa discrepancia entre os pregos en este aspecto que non pode perxudicar aos licitadores, a mesa acorda non excluír á empresa T SYSTEMS por incluír no sobre nº2 os anexos citados, se ben non serán tidos en conta para a valoración dos criterios.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON111168	<i>Expediente</i> CON/60/2016	



UTE ALTIA-GT(3): Presenta a documentación correctamente.

A mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios NON avaliados mediante cifras.

Ás 9:26 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE  
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON111168	<i>Expediente</i> CON/60/2016	



## ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Subministro e implantación dunha solución de administración electrónica para o Concello de Santiago de Compostela, así como o seu mantemento.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 1.537.190,10 euros euros máis IVE.

**PROCEDIMENTO:** Aberto

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 7 de setembro de 2017, ás 9:15Horas.

### ASISTENTES:

**Presidente:** D. Xan Duro Fernández

**Vogais:** Dna. María Corral representante do grupo PP

D. Gonzalo Muiños representante do grupo PSOE.

D. Rubén Cela representante do grupo BNG

D. Jesús Rodríguez Castro, Xefe do servizo de Informática.

D. José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno.

D. Carlos Moure Vieiro, tesoureiro municipal

Dna. Ana Gago Fernández, Viceinterventora Municipal.

D. Xaquín Monteagudo Romero, Director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** Dna. Rocío Montañés Fernández, xefe do servizo de contratación e servizos comunitarios.

### OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	11/08/2017	37.395	A81608077 T-SYSTEMS ITC IBERIA S.A.U
2	11/08/2017	37.428	UTE A15456585 ALTIA CONSULTORES SA + B92520451 GT3 SOLUCIONES SL

*\*Proposición recibida por correo*

Advertido un erro material na convocatoria da mesa de contratación celebrada o 5 de setembro, xa que non se convocou a dous membros -D. José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno e D. Carlos Moure Vieiro, tesoureiro municipal- reúnese a mesa de contratación ó obxecto de proceder a súa subsanación.

Dase conta ós membros que non foran convocados do resultado da apertura do sobre coa declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, e da apertura dos sobres que conteñen os criterios de adxudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes dos licitadores e se ratifica o resultado da reunión anterior nos mesmos termos.

Ás 9:39 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE  
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA





<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON111168	<i>Expediente</i> CON/60/2016	

15078DCON111168Z



### ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Subministro e implantación dunha solución de administración electrónica para o Concello de Santiago de Compostela, así como o seu mantemento.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 1.537.190,10 euros máis IVE.

**PROCEDIMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 5 de decembro de 2017, ás 9:20 horas.

#### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Xan Duro Fernández.

**Vogais:** Dna. Marta Lois, representante do grupo CA.  
Dna. María Corral, representante do grupo PP.  
D. Francisco Reyes, representante do grupo PSOE.  
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.  
D. Jesús Rodríguez Castro, xefe do servizo de informática.  
D. José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno.  
D. Carlos Moure Vieiro, tesoureiro municipal.  
Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.  
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede ó exame do informe valorativo realizado polos técnicos municipais sobre os criterios de adxudicación non avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes, do que resulta unha proposta de exclusión da licitación da oferta presentada pola UTE GT(3)-ALTIA, con base na esixencia recollida na cláusula 13.3 do prego de cláusulas administrativas, que sinala: "*Neste sobre non se incluírá documentación que poida facer referencia en ningún caso ás condicións económicas do contrato ou ás melloras e cláusulas sociais que se ofrecen, que serán valoradas nunha posterior fase da licitación. O incumprimento deste requirimento será motivo de exclusión da licitación*".

Así, a oferta da UTE GT(3)-ALTIA inclúe información correspondente a diversos criterios de adxudicación avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes (sobre 3), en concreto, no tocante a:

- servizo adicional ata un máximo de 8 semanas de consultor especializado in situ (mellora do apartado B.2 da cláusula 10, Asistencia durante posta en marcha);
- opción de servizos na nube (mellora do apartado B.4 da cláusula 10, Opción na nube); e
- monitorización de atención á cidadanía, módulo e de táboas de datos vinculadas a expedientes e formación sobre o xestor de base de datos documental cun volumen global de 100 horas (actuacións do apartado B.3 da cláusula 10, Melloras).

Valorada a proposta de exclusión polos membros da mesa, e dada a súa trascendencia, non só polo perxuízo que supón para o licitador afectado, senón, e tamén, para a propia licitación, ó resultar unha única oferta admisible, acórdase solicitar informe sobre esta cuestión á asesoría xurídica municipal, antes de adoptar unha decisión definitiva.

Ás 9:33 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
O PRESIDENTE DA MESA**



**O SECRETARIO DA MESA**

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON111168	<i>Expediente</i> CON/60/2016	



### **ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Subministro e implantación dunha solución de administración electrónica para o Concello de Santiago de Compostela, así como o seu mantemento.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 1.537.190,10 euros máis IVE.

**PROCEDIMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 12 de decembro de 2017, ás 9:00 horas.

#### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Xan Duro Fernández.

**Vogais:**

- Dna. María Corral, representante do grupo PP.
- D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.
- D. Rubén Cela, representante do grupo BNG
- D. Jesús Rodríguez Castro, xefe do servizo de informática.
- D. José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno.
- Dna. Ana Gago Fernández, viceinterventora municipal.
- D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede ó exame do informe realizado polo director da asesoría xurídica que lle fora requerido na última reunión. O informe confirma, citando distintas resolucións do Tribunal administrativo central de recursos contractuais, a proposta de exclusión da licitación da oferta presentada pola UTE GT(3)-ALTIA, con base na esixencia recollida na cláusula 13.3 do prego de cláusulas administrativas, que sinala: "*Neste sobre non se incluírá documentación que poida facer referencia en ningún caso ás condicións económicas do contrato ou ás melloras e cláusulas sociais que se ofrecen, que serán valoradas nunha posterior fase da licitación. O incumprimento deste requirimento será motivo de exclusión da licitación*".

Polo tanto, a mesa acorda, co voto favorable de todos os seus membros, dar a súa conformidade o informe valorativo realizado polos técnicos municipais sobre os criterios de adxudicación non avaliábles mediante cifras ou porcentaxes, en todo o seu contido e conclusións, o que supón a exclusión da licitación da oferta presentada pola UTE GT(3)-ALTIA.

Ás 9:29 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
O PRESIDENTE DA MESA**

**O SECRETARIO DA MESA**



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON111168	<i>Expediente</i> CON/60/2016	



## **ACTA DA 5ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Subministro e implantación dunha solución de administración electrónica para o Concello de Santiago de Compostela, así como o seu mantemento.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 1.537.190,10 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 11 de xaneiro de 2018, ás 9:58 horas.

### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Xan Duro Fernández.

**Vogais:** Dna. Noa Morales, representante do grupo CA.  
Dna. María Corral, representante do grupo PP.  
D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.  
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG  
D. Jesús Rodríguez Castro, xefe do servizo de informática.  
D. José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno.  
D. Carlos Moure Vieiro, tesoureiro municipal.  
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.  
D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Dáse conta á mesa da realización da sesión de demostración da solución de administración electrónica presentada polo proveedor T-SYSTEMS, confirmándose que a solución ofertada cumpre cos requisitos establecidos no prego, ratificando así o informe de avaliación preliminar.

A continuación procédese á apertura do sobre que contén a documentación xustificativa dos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras do único licitador admitido, que ten como resultado o seguinte:

Licitador	Concepto	Importe sen IVE	IVE	Importe con IVE
T-SYSTEMS ITC IBERIA SAU	Subministro	729.166,90 €	153.125,05 €	882.291,95 €
	Mantemento anual	132.725,65 €/ano	27.872,39 €/ano	160.598,03 €/ano

Rematada a apertura do sobre cos criterios obxectivos, a mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar o cálculo da puntuación final e a verificación do cumprimento dos requirimentos técnicos das melloras propostas.

Ás 10:03 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE  
O PRESIDENTE DA MESA**

**O SECRETARIO DA MESA**



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 100.- JMIC		
Documento CON111168	Expediente CON/60/2016	



## ACTA DA 6ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Subministro e implantación dunha solución de administración electrónica para o Concello de Santiago de Compostela, así como o seu mantemento.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 1.537.190,10 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 18 de xaneiro de 2018, ás 9.15 horas.

### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Rafael Peña Vidal.

**Vogais:**

- D. Jorge Duarte, representante do grupo CA.
- Dna. María Corral, representante do grupo PP.
- D. Rubén Cela, representante do grupo BNG
- D. Jesús Rodríguez Castro, xefe do servizo de informática.
- D. José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno.
- D. Carlos Moure Vieiro, tesoureiro municipal.
- Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
- D. Iñaki Bilbao Castro, en representación da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adxudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións finais e que se acompaña á presente acta.



Da análise do referido informe despréndese que quen acadou a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas é o licitador T-SYSTEMS ITC IBERIA SAU.

De conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación, **ACORDA:**

Trasladar á concelleira delegada de economía, facenda e administración o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador T-SYSTEMS ITC IBERIA S.A.U, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 729.166,90 euros IVE aparte para o subministro e de 132.725,65 euros/ano IVE aparte para o mantemento, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9.15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE  
O PRESIDENTE DA MESA



CONTRATACIÓN E SERVIZOS  
CONCELLO DE  
SANTIAGO

O SECRETARIO DA MESA





<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON111168	<i>Expediente</i> CON/60/2016	

15078DCON111168Z



## ACTA DA 7ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Subministro e implantación dunha solución de administración electrónica para o Concello de Santiago de Compostela, así como o seu mantemento.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 1.537.190,10 euros máis IVE.

**PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 6 de febreiro de 2018, ás 9 horas.

### **ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Xan Duro Fernández.

**Vogais:** Dna. María Corral, representante do grupo PP.  
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.  
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.  
D. Jesús Rodríguez Castro, xefe do servizo de informática.  
D. Carlos Moure Vieiro, tesoureiro municipal.  
Dna. María Belen Amor Gómez, en representación da intervención municipal.  
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adjudicatario, T-SYSTEMS ITC IBERIA SAU, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adjudicación acordada na anterior sesión a favor do mencionado licitador.

Ás 9:09 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

### **Vº E PRACE O PRESIDENTE DA MESA**

**DURO FERNANDEZ  
XAN XESUS -  
32774156F**

Firmado digitalmente por DURO  
FERNANDEZ XAN XESUS - 32774156F  
Nombre de reconocimiento (DN):  
c=ES, serialNumber=32774156F,  
sn=DURO FERNANDEZ,  
givenName=XAN XESUS, cn=DURO  
FERNANDEZ XAN XESUS - 32774156F  
Fecha: 2018.02.10 08:58:56 +01'00'

### **O SECRETARIO DA MESA**

**OTERO  
FERREIRO  
ROMAN -  
33281132  
V**

Firmado digitalmente por  
OTERO FERREIRO ROMAN -  
33281132V  
Nombre de reconocimiento  
(DN): c=ES,  
serialNumber=IDCES-33281  
132V, givenName=ROMAN,  
sn=OTERO FERREIRO,  
cn=OTERO FERREIRO  
ROMAN - 33281132V  
Fecha: 2018.02.13 09:39:57  
+01'00'

